0xde3a1d40 SearchFilterHo          748 True   True   True     True   True  True    True
0xddf9e030 SearchProtocol         3720 True   True   True     True   True  True    True
0xddccad40 wmpnetwk.exe           1872 True   True   True     True   True  True    True
0xddce0780 audiodg.exe            2636 True   True   True     True   True  True    True
0xdfcbe030 chrome.exe             3716 True   True   True     True   True  True    True
0xde189948 svchost.exe             856 True   True   True     True   True  True    True
0xde2a2030 wininit.exe             356 True   True   True     True   True  True    True
0xddca07b8 chrome.exe             2412 True   True   True     True   True  True    True
0x05168d40 chrome.exe             4036 True   True   True     True   True  True    True
0xdddc4030 GoogleCrashHan         3336 True   True   True     True   True  True    True
0xde2af030 winlogon.exe            408 True   True   True     True   True  True    True
0xde185030 svchost.exe             824 True   True   True     True   True  True    True
0xde6aad40 chrome.exe             1256 True   True   True     True   True  True    True
0xddaef030 MoonsolDum             3812 True   True   True     True   True  True    True
0xdddd98e0 chrome.exe             2540 True   True   True     True   True  True    True
0xde169030 svchost.exe             756 True   True   True     True   True  True    True
0xddf4d8b0 dwm.exe                1788 True   True   True     True   True  True    True
0xdeffb030 lsass.exe               460 True   True   True     True   True  True    False
0xde4d8168 conhost.exe             928 True   True   True     True   True  True    True
0xde5cc030 WmiPrvSE.exe           2240 True   True   True     True   True  True    True
0xde2dbd40 lsm.exe                 468 True   True   True     True   True  True    False
0xddc02030 taskhost.exe           1832 True   True   True     True   True  True    True
0xde2a2428 csrss.exe               368 True   True   True     True   False True    True
0xdeea6d40 smss.exe                252 True   True   True     True   False False   False
0x050ca870 System                    4 True   True   True     True   False False   False
0xde764778 csrss.exe               320 True   True   True     True   False True    True
0x4cdb7800 svchost.exe            1340 False  True   False    False  False False   False
0x458c68b0 dwm.exe                1788 False  True   False    False  False False   False
0x12111030 svchost.exe             572 False  True   False    False  False False   False
0x4163a030 chrome.exe              144 False  True   False    False  False False   False    2020-11-10 11:01:57 UTC+0000
0x49f17030 chrome.exe             2896 False  True   False    False  False False   False
0x3e568848 chrome.exe              780 False  True   False    False  False False   False
0x28184030 lsass.exe               460 False  True   False    False  False False   False
```

Figura 4.5: Psxview

No anterior exemplo incluímos o flag *–aply-rules*, que nos indica cun **Okey** aquelas columnas que non se atopou o proceso pero que non é sospeitoso.

A maiores existen outros plugins para traballos con procesos. Un deles é **getsids** que devolve a asociación que existe entre un proceso e a conta dun usuario. Un exemplo do uso deste plugin é o seguinte.



Figura 4.6: Getsids

Podemos ver como o proceso *explorer.exe* foi iniciado polo usario con SID (S-1-S-21-2147045308-[snip]-1000). Este proceso tamén é membro dos administradores do sistema polo que se un atacante se une ao sistema e pode executar este proceso vai poder navegar libremente por todo o sistema.

Outro aspecto importante dos procesos son os privilexios. Un privilexio é un permiso para realizar unha tarefa específica, como depurar un proceso, apagar o sistema, cambiar a zona horaria....
Un administrador do sistema pode indicar que privillexios están presentes configurandoos na *Local Security Policy* (LSP). Un privilexio pode habilitarse das seguintes maneiras: hablitandoo de forma predeterminada mediante a *LSP*, mediante herencia do proceso pai, ou que un proceso habilite explicitamente un privilexio.
Dende o que realmente nos importa, a perspectiva forense, tennos que preocupar os privilexios que foron habilitados da última forma en especial os seguintes:

- **SeBackupPrivilege**: Este privilexio otorga acceso de lectura a calqueira arquivo no sistema, polo que os atacantes poden incluso ata copiar arquivos bloqueados.
- **SeDebugPrivilege**: Otorga a capacidade de leer e escribir noutro proceso. Practicamente todo o *malware* que realiza *code injection* adquire este tipo de privilexio.
- **SeLoadDriverPrivilege**: Capacidade de cargar e descargar controladores do kernel.
- **SeChangeNotifyPrivilege**: Notifica cando se cambian arquivos ou directorios. Os atacantes poden empregar isto para saber se un dos seus arquivos de configuración ou executables foi eliminado por un antivirus ou polos administradores do sistema.
- **SeShutdownPrivilege**: Permite apagar ou reiniciar o sistema.

Para analizar estes privilexios acerca dun proceso temos o plugin **privs**.

```
SSI@SSI-PC MINGW32 ~/Desktop/volatility-2.6 (1)/volatility-master
$ python vol.py -f SSI-PC-20201110-110930.raw  --profile=Win7SP1x86 privs -p 1824
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6
Pid      Process          Value  Privilege                         Attributes               Description
-------- ---------------- ------ --------------------------------- ------------------------ -----------
    1824 explorer.exe          2 SeCreateTokenPrivilege                                     Create a token object
    1824 explorer.exe          3 SeAssignPrimaryTokenPrivilege                              Replace a process-level token
    1824 explorer.exe          4 SeLockMemoryPrivilege                                      Lock pages in memory
    1824 explorer.exe          5 SeIncreaseQuotaPrivilege                                   Increase quotas
    1824 explorer.exe          6 SeMachineAccountPrivilege                                  Add workstations to the domain
    1824 explorer.exe          7 SeTcbPrivilege                                             Act as part of the operating system
    1824 explorer.exe          8 SeSecurityPrivilege                                        Manage auditing and security log
    1824 explorer.exe          9 SeTakeOwnershipPrivilege                                   Take ownership of files/objects
    1824 explorer.exe         10 SeLoadDriverPrivilege                                      Load and unload device drivers
    1824 explorer.exe         11 SeSystemProfilePrivilege                                   Profile system performance
    1824 explorer.exe         12 SeSystemtimePrivilege                                      Change the system time
    1824 explorer.exe         13 SeProfileSingleProcessPrivilege                            Profile a single process
    1824 explorer.exe         14 SeIncreaseBasePriorityPrivilege                            Increase scheduling priority
    1824 explorer.exe         15 SeCreatePagefilePrivilege                                  Create a pagefile
    1824 explorer.exe         16 SeCreatePermanentPrivilege                                 Create permanent shared objects
    1824 explorer.exe         17 SeBackupPrivilege                                          Backup files and directories
    1824 explorer.exe         18 SeRestorePrivilege                                         Restore files and directories
    1824 explorer.exe         19 SeShutdownPrivilege            Present                     Shut down the system
    1824 explorer.exe         20 SeDebugPrivilege                                           Debug programs
    1824 explorer.exe         21 SeAuditPrivilege                                           Generate security audits
    1824 explorer.exe         22 SeSystemEnvironmentPrivilege                               Edit firmware environment values
    1824 explorer.exe         23 SeChangeNotifyPrivilege        Present,Enabled,Default     Receive notifications of changes to files or directories
    1824 explorer.exe         24 SeRemoteShutdownPrivilege                                  Force shutdown from a remote system
    1824 explorer.exe         25 SeUndockPrivilege              Present                     Remove computer from docking station
    1824 explorer.exe         26 SeSyncAgentPrivilege                                       Synch directory service data
    1824 explorer.exe         27 SeEnableDelegationPrivilege                                Enable user accounts to be trusted for delegation
    1824 explorer.exe         28 SeManageVolumePrivilege                                    Manage the files on a volume
    1824 explorer.exe         29 SeImpersonatePrivilege                                     Impersonate a client after authentication
    1824 explorer.exe         30 SeCreateGlobalPrivilege                                    Create global objects
    1824 explorer.exe         31 SeTrustedCredManAccessPrivilege                            Access Credential Manager as a trusted caller
    1824 explorer.exe         32 SeRelabelPrivilege                                         Modify the mandatory integrity level of an object
    1824 explorer.exe         33 SeIncreaseWorkingSetPrivilege  Present                     Allocate more memory for user applications
    1824 explorer.exe         34 SeTimeZonePrivilege            Present                     Adjust the time zone of the computer's internal clock
    1824 explorer.exe         35 SeCreateSymbolicLinkPrivilege                              Required to create a symbolic link
```

Figura 4.7: Privs

Como vemos existen varios privilexios no proceso *explorer.exe*. Estes poden ir precedidos dos atribuos *Present*, *Enabled*, *Default*. O que a nós nos interesaría sería ver aqueles privilexios que estean *Enabled* pero que non fosen creados por defecto, *Default*.

4.2 Analizando os events logs

Os rexistros de eventos conteñen unha gran cantidade de información forense e son un elemento básico en calqueira investigación. Conteñen detalles sobre errores da aplicación, inicios de sesión, cambios na política do *firewall* e outros eventos que han ocurrido no sistema.

Depende de que sistema operativo **Windows** esteamos a analizar, estes arquivos vanse gardar en formatos completamente distintos. No noso caso, **Windows 7**, están contidos nun formato binario *XML*, en arquivos coa extensión *.evtx*. Podemos atopar máis de 60 rexistros no disco en *%systemroot%\system32 \winevt \Logs*. Para poder extraer os rexitros da memoria, vamos ter que empregar o plugin **dumpfiles** e logo analizalos con unha ferramenta externa a **Volatility**.

Se executamos o plugin buscando por esa extensión obtemos a seguinte saída, e os ficheiros gardaranse no directorio *output*.



Figura 4.8: Dumpfiles

Dentro destes ficheiros podemos ver varios campos de interese como son o *Provider name* que nos di dende que log foi extraida a información, o *Event ID* para comprobar en internet que evento ocurriu, *TimeCreated* que indica cando foi xerado o evento, ...

4.3 Extracción dos password hash

Como en moitos sistemas, **Windows** protexe as contrasinais dos usuarios gardándoas empregando *hashes* de esas contrasinais. Antes de proceder a extraer os *hashes* debemos coñecer os tres conceptos mais básicos que emprega **Windows**:

- **LM hash**: é unha anticuada técnica que se empregou ata **Windows Vista** pero que pode ser habilitada se se quere. Deixouse de empregar porque as contrasinais non distinguian de maiúsculas e minúsculas, a lonxitude do contrasinal era de 14 caracteres como máximo e porque dividía o texto en dúas mitades de 7 caracteres antes de codificalos por separado e volvendoos a concatenar. Asique se a nosa contrasinal tiña menos de 7 caracteres era moi fácil de descifrar.
- **NT hash**: é a forma mais recente. Primeiro codifica o contrasinal usando *UTF-16-LE* e logo emprega o algoritmo hash *MD-4*.
- **SAM database file**: é a database que alberga os *hashes* dos contrasinais do usuario. Vense empregando dende **Windows XP**

Podemos volcar os *hashes* das contrasinais gardadas empregando o plugin *hashdump*. Este recolle a información acerca dos contidos *SYSTEM* e *SAM*.

A saída do plugin hashdump é a seguinte.

```
SSI@SSI-PC MINGW32 ~/Desktop/volatility-2.6 (1)/volatility-master
$ python vol.py -f SSI-PC-20201117-121103.raw  --profile=Win7SP1x86 hashdump
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6
Administrador:500:aad3b435b51404eeaad3b435b51404ee:31d6cfe0d16ae931b73c59d7e0c089c0:::
Invitado:501:aad3b435b51404eeaad3b435b51404ee:31d6cfe0d16ae931b73c59d7e0c089c0:::
SSI:1000:aad3b435b51404eeaad3b435b51404ee:e6ae2d8498c47ba47fe07b85eff78e03:::
```

Figura 4.9: Hashdump

Como vemos, obtemos os *hashes* das contrasinais de administrador e do usuario *SSI*. Para intentar descifralas recurrimos a ferramenta Jhon the Ripper e a un diccionario de palabras creado previamente para intentar descifrala mediante a forza bruta. Como resultado da execución da ferramenta obtemos a seguinte saída, coa contrasinal descifrada **fic2020**:

```
PS C:\Users\andre\Downloads\john-1.9.0-jumbo-1-win64\run> .\john.exe --rules --wordlist=pass.txt --format=nt .\hashes.tx
t
Using default input encoding: UTF-8
Loaded 2 password hashes with no different salts (NT [MD4 256/256 AVX2 8x3])
Warning: no OpenMP support for this hash type, consider --fork=12
Press 'q' or Ctrl-C to abort, almost any other key for status
fic2020          (SSI)
1g 0:00:00:00 DONE (2020-11-18 12:53) 55.55g/s 16777p/s 16777c/s 27444C/s Lukitas5..Oiing
Warning: passwords printed above might not be all those cracked
Use the "--show --format=NT" options to display all of the cracked passwords reliably
Session completed
```

Figura 4.10: Jhon The Ripper

4.4 Networking

As dúas entidades máis importantes dos compoñentes do término *networking* en **Windows** son os **sockets** e as **conexións**.

Os **sockets** [21] definen puntos finais para as comunicacións. As aplicacións crean **sockets** de cliente para iniciar conexións a servidores, e ao mesmo tempo, crean **sockets** de servidor para escoitar nunha interfaz as conexións entrantes. Estes **sockets** pódense crear de tres maneiras distintas en **Windows**, directamente dende o user mode chamando a función *socket*, indirectamente dende o *user mode* chamando a funcións en librerias como *WinINet* ou directamente dende o modo *kernel*.

Despois de que unha aplicación chame a función **socket**, este aínda non está preparado para o seu uso. Os servidores deben suministrar a dirección local e o porto cando chamamos a *bind* (establecer o protocolo a empregar) e *listen*. Do mesmo modo, os clientes tamen teñen que proporcionar a dirección e o porto remotos cando chamamos a *connect* (non é obligatorio chamar a *bind*). O *socket* non vai funcionar ata non coñezca a IP e o porto.

En memory forensics os principais aspectos que nos van a interesar con respecto o **Networking** son os seguintes:

1. **Identificar oíntes non autorizados**: diferenciar entre os *sockets* de servidores lexítimos dos que empregan para aceptar conexións entrantes de atacantes.

2. **Revelar conexións remotas sospeitosas**.

3. **Ubicar sistemas con tarxetas de rede en modo *promiscuous***: este tipo de modo nas tarxetas de rede permite detectar máquinas que están na súa rede que poden estar intentando facer *sniff* cara ou dende outros sistemas, ou intentando realizar ataques estilo do *man-in-the-middle*.

4. **Detectar portos ocultos en sistemas activos**: moitos *rootkits* filtran portos e direccións IP enlazando APIs en sistemas activos.

5. **Reconstruir o historial do navegadores**: se se eliminan do disco ainda existe a posibilidade de poder atopalos na caché da memoria.

Para probar estas ferramentas vímonos na obriga de crear unha nova máquina virtual co sistema operativo **Windows XP** pois por exemplo o plugin **sockets** solo funciona para esta versión e para **Windows 2003 Server**. Con isto e con unhas das ferramentas vistas na sección de adquisición da memoria 2 obtemos un volcado de memoria co nome de *windowsXp.raw*.

Con este novo ficheiro podemos executar o plugin **sockets** co novo profile *WinXPSP2x64* e obtemos a seguinte resposta.

```
SSI@SSI-PC MINGW32 ~/Desktop/volatility-2.6 (1)/volatility-master
$ python vol.py -f windowsXp.raw --profile=WinXPSP2x64 sockets
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6
Offset(V)              PID   Port  Proto Protocol        Address         Create Time
------------------ -------- ------ ------ --------------- --------------- -----------
0xfffffadfce646010      776   1027     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:46:36 UTC+0000
0xfffffadfce0c4940      380    500     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:47 UTC+0000
0xfffffadfce172da0        4    445      6 TCP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:36 UTC+0000
0xfffffadfce528a30      688    135      6 TCP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:38 UTC+0000
0xfffffadfce6e1c00      776   1036     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:52:39 UTC+0000
0xfffffadfce6a15d0      820   1900     17 UDP             10.0.2.15       2020-11-20 16:45:47 UTC+0000
0xfffffadfce12e580      380      0    255 Reserved        0.0.0.0         2020-11-20 16:45:47 UTC+0000
0xfffffadfce30d3f0        4    139      6 TCP             10.0.2.15       2020-11-20 16:45:40 UTC+0000
0xfffffadfce121da0      776   1037     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:52:39 UTC+0000
0xfffffadfce2e31e0        4    137     17 UDP             10.0.2.15       2020-11-20 16:45:40 UTC+0000
0xfffffadfce6b6430     1512   1026      6 TCP             127.0.0.1       2020-11-20 16:45:51 UTC+0000
0xfffffadfce4b0da0      776   1053     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:52:39 UTC+0000
0xfffffadfce12fa40      380   1025      6 TCP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:51 UTC+0000
0xfffffadfce30a710      820   1900     17 UDP             127.0.0.1       2020-11-20 16:45:47 UTC+0000
0xfffffadfce17f6c0      380   4500     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:47 UTC+0000
0xfffffadfce1737a0        4    445     17 UDP             0.0.0.0         2020-11-20 16:45:36 UTC+0000
0xfffffadfce25a430        4    138     17 UDP             10.0.2.15       2020-11-20 16:45:40 UTC+0000
```

Figura 4.11: Sockets - WindowsXp

Na saída podemos ver varios campos, como son o ID do proceso propietario, o porto, o protocolo, a dirección IP e o momento de creación.
Para poder identificiar conexións e **sockets** que estean inactivos podemos recurrir ao plugins **sockscan** e **connscan**.
Este último plugin pode encontrar conexións anteriores que xa han rematado a maiores das activas, pódese ver na seguinte imaxe:

```
Offset(P)          Local Address             Remote Address            Pid
------------------ ------------------------- ------------------------- ---
0x00000000063bb6c0 10.0.2.15:1148            216.58.211.35:443         1852
0x00000000063d6d90 10.0.2.15:1163            142.250.74.238:443        1852
0x000000000678a500 10.0.2.15:1141            216.58.209.66:443         1852
0x0000000006a4b420 10.0.2.15:1064            8.241.105.126:80          1852
0x0000000006bcf500 10.0.2.15:1060            8.238.65.254:80           1852
0x0000000006c81a20 10.0.2.15:1140            216.58.209.66:443         1852
0x0000000006f054c0 10.0.2.15:1122            216.58.211.35:80          1852
0x0000000006f22d90 10.0.2.15:1065            216.58.211.237:443        1852
0x000000000701a8a0 10.0.2.15:1161            8.247.222.126:80          1852
0x000000000703fd90 10.0.2.15:1123            172.217.168.164:443       1852
```

Figura 4.12: Connscan - WindowsXp

Un plugin moi coñecido, non solo en **Volatility**, é **Netscan**. Iste emprégase en versións de **Windows Vista** e superiores. Mostra diversa información como puntos finais TCP, ointes TCP, puntos finais e ointes UDP. Permite distinguir entre *IPv4* e *IPv6*, imprime a IP local e remota (se corresponde), o porto local e remoto (se corresponde), a hora que se creou o *socket* ou cando se estableceu a conexión, así coma o seu estado actual (soamente TCP).

Netscan emprega pool tag scanning para localizar as estructuras *_TCP_ENDPOINT*, *_TCP_LISTENER* e *_UDP_ENDPOINT* na memoria.
Un exemplo da saída deste plugin sería:



Offset(P)	Proto	Local Address	Foreign Address	State	Pid	Owner	Created
0x5147498	TCPv4	10.0.2.15:49176	162.220.63.198:80	ESTABLISHED	2404	chrome.exe	
0x5148ab8	TCPv4	10.0.2.15:49175	162.220.63.198:80	ESTABLISHED	2404	chrome.exe	
0xdec0d388	UDPv4	0.0.0.0:3702	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec0e3c8	UDPv4	0.0.0.0:3702	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec0e3c8	UDPv6	:::3702	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec0ea00	UDPv4	0.0.0.0:3702	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec11e38	UDPv4	0.0.0.0:53185	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec12b00	UDPv6	fe80::e94e:2a02:5c9:9121:53187	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec12f50	UDPv4	0.0.0.0:53186	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec12f50	UDPv6	:::53186	*:*		920	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec15c70	UDPv6	fe80::e94e:2a02:5c9:9121:1900	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec16008	UDPv6	::1:53188	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec160d8	UDPv6	::1:1900	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec16570	UDPv4	127.0.0.1:53190	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec16b28	UDPv4	10.0.2.15:53189	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec17338	UDPv4	10.0.2.15:1900	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdec18a50	UDPv4	127.0.0.1:1900	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
26 UTC+0000							
0xdecd7378	UDPv4	0.0.0.0:56240	*:*		2404	chrome.exe	2020-11-19 10:24:
43 UTC+0000							
0xdee7eb30	UDPv4	0.0.0.0:3702	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
23 UTC+0000							
0xdee971e8	UDPv4	0.0.0.0:51185	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
15 UTC+0000							
0xdee99e38	UDPv4	0.0.0.0:51186	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:
15 UTC+0000							
0xdee99e38	UDPv6	:::51186	*:*		1284	svchost.exe	2020-11-19 10:22:

Figura 4.13: Netscan

Como ben deciamos grazas a **Volatility** podemos coñecer o historial do noso navegador aínda se o borramos do disco. Para isto vamos botar man dun plugin que xa vimos anteriormente **pslist** e de **yarascan**.

Nos tivemos problemas para instalar correctamente **yarascan** en **Windows 7** polo que recurrimos a instalación de **Volatility** e os seus diferentes plugins nunha máquina virtual **Ubuntu 18.04**, pódese ver esta instalación no anexo C.

O primeiro que temos que facer e buscar os procesos do navegador, no noso caso buscamos polo proceso do programa **Internet Explorer** de **Windows**.



```
ssi@ssi-VirtualBox:~/volatility$ python vol.py -f SSI-PC-20201123-154421.raw --profile=Win7SP1x86 pslist | grep iexplore
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6.1
0x872034b0 iexplore.exe           3652    324     21      594      1      0 2020-11-23 15:43:46 UTC+0000

0x872462a8 iexplore.exe           3732   3652     28      687      1      0 2020-11-23 15:43:46 UTC+0000
```

Figura 4.14: Pslist - Internet History

Agora que coñecemos os **PID** (3652,3732), podemos usar o plugin *yarascan* para obter unha idea inicial de onde se pode ubicar o arquivo *index.dat* (contén moita información acerca do progama *Internet Explorer*). A firma deste arquivo contén a palabra *Client UrlCache* polo que podemos empregar isto para iniciar a búsqueda.



Figura 4.15: yarascan - Client UrlCache

Podemos ver que a firma *Client UrlCache* atópase en máis dunha ubicación dentro da memoria do proceso con PID 3652. Sen embargo para buscar simplemente entradas no historial non é necesario analizar o arquivo *index.dat*. Basta con buscar simplemente o historial individual de rexistros que empecen con *URL*,*LEAK* ou *REDR* (LEAK: termino de Microsoft para un error, REDR: redireccións) como mostra a seguinte imaxen:



Figura 4.16: yarascan - URL REDR LEAK



Figura 4.17: yarascan

Podemos ver no exemplo anterior que atopamos a dirección *https://www.fic.udc.es*.

Temos outra opción de poder ver a información dos navegadores que é empregar o plugin **iehistory**. Este plugin devolve un formato de saída diferente cunha mellor automatización e análise dos resultados. Tamén podemos devolver un formato en *CSV* pasándolle a opción *–output=csv*.



Figura 4.18: iehistory

Por último para rematar esta parte de **Networking** vamos a ver como podemos obter o ficheiro **hosts** dun volcado de memoria. Este ficheiro é o encargado de almacenar nomes de *host* coas súas correspondentes **IPs**.
Para iso primeiro temos que ver onde está ubicado esté arquivo na memoria obtendo o seu desprazamento, por iso empregamos o plugin **filescan**.



Figura 4.19: filescan - hosts

A continuación temos que extrar este arquivo do volcado, para iso podemos empregar o plugin **dumpfiles**, indicando o directorio no que o queremos gardar (*outdir*).



Figura 4.20: dumpfiles - hosts

Por último e co comando nativo de **Ubuntu**, *strings*, que mostra as cadenas de caracteres imprimibles que hai nos ficheiros, podemos ver o contido do ficheiro *hosts* e así poder coñecer as resolucións DNS.



Figura 4.21: strings - hosts

4.5 Windows GUI

O subsistema da interfaz gráfica de usuario (*GUI*) de **Windows** é responsable de administrar a entrada do usuario, como os movementos do ratón e pulsacións de teclas. Ademais dibuxa a superficie de visualización, presenta ventás, botóns e menús, ademais de proporcionar o aislamento necesario para admitir varios usuarios simultáneos. Por ter esta importancia, moitos *malware* modifican a memoria da *GUI* para infectar o noso equipo.



Figura 4.22: GUI - schema

Como vemos na figura anterior, o contedor *Session* é a capa máis externa, representa o entorno do inicio de sesión. Estas sesións teñen un ID único e creanse cando os usuarios inician sesión, polo que cada sesión está ligada a un usuario en particular e os recursos vinculados a sesión pódense atribuir a accións realizadas polo usuario. Estes recursos inclúen unha tabla atómica (grupo de cadenas compartidas globalmente entre as aplicacións da sesión), unha ou máis estacións de ventá e unha tabla de identificadores para os obxetos USER (*handle table*).

As aplicacións que requiren a entrada do usuario execútanse nunha *Windows Station* como

é o caso de *WinSta0*. Os servizos que non requiren desta participación do usuario (servizos en segundo plano) executan *non-interactive windows stations*. Cada unha destas estacións contén unha tabla *Atom*, un portapapeis (*clipboard*) e un ou máis escritorios.

Un escritorio contén os obxetos da interfaz de usuario, como ventás, menús, ...
Estas ventás poden ser visibles ou invisibles, teñen un conxunto de coordenadas de pantalla, un procedemento de ventá (a función que se executa cando os mensaxes da ventá son recibidos), unha lenda ou un título opcional e unha clase asociada.

Ao analizar as ventás podemos determinar que atacantes ou víctimas estaban vendoas no momento do volcado de memoria, ou que aplicacións GUI se habían executado no pasado.

O primeiro plugin que imos a ver é **sessions**. Este plugin separa os procesos segundo a súa propia sesión, pero non implica que poidamos vinculalas cada sesión a un usuario diferente. No seguinte exemplo vemos como existen duas sesións con IDs 0 e 1. A 0 son os procesos creados polo propio sistema e cos do ID 1 son os creados polo usuario.

```
ssi@ssi-VirtualBox:~/volatility$ python vol.py -f SSI-PC-20201123-154421.raw --profile=Win7SP1x86 sessions
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6.1
**************************************************
Session(V): 8fa66000 ID: 0 Processes: 23
PagedPoolStart: 80000000 PagedPoolEnd ffbfffff
 Process: 336 csrss.exe 2020-11-23 15:42:40 UTC+0000
 Process: 396 wininit.exe 2020-11-23 15:42:41 UTC+0000
 Process: 492 services.exe 2020-11-23 15:42:42 UTC+0000
 Process: 500 lsass.exe 2020-11-23 15:42:42 UTC+0000
 Process: 508 lsm.exe 2020-11-23 15:42:42 UTC+0000
 Process: 620 svchost.exe 2020-11-23 15:42:43 UTC+0000
 Process: 684 VBoxService.ex 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 740 svchost.exe 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 832 svchost.exe 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 896 svchost.exe 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 924 svchost.exe 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 1024 audiodg.exe 2020-11-23 15:42:44 UTC+0000
 Process: 1068 svchost.exe 2020-11-23 15:42:45 UTC+0000
 Process: 1168 svchost.exe 2020-11-23 15:42:45 UTC+0000
 Process: 1312 spoolsv.exe 2020-11-23 15:42:46 UTC+0000
 Process: 1340 svchost.exe 2020-11-23 15:42:46 UTC+0000
 Process: 1436 svchost.exe 2020-11-23 15:42:46 UTC+0000
 Process: 268 taskeng.exe 2020-11-23 15:43:14 UTC+0000
 Process: 328 GoogleCrashHan 2020-11-23 15:43:16 UTC+0000
 Process: 1004 SearchIndexer. 2020-11-23 15:43:21 UTC+0000
 Process: 212 wmpnetwk.exe 2020-11-23 15:43:21 UTC+0000
 Process: 2608 WmiPrvSE.exe 2020-11-23 15:43:24 UTC+0000
 Process: 4012 SearchFilterHo 2020-11-23 15:43:56 UTC+0000
 Image: 0x86753118, Address 940a0000, Name: win32k.sys
 Image: 0x84f724b0, Address 94300000, Name: TSDDD.dll
**************************************************
Session(V): 8faf7000 ID: 1 Processes: 21
PagedPoolStart: 80000000 PagedPoolEnd ffbfffff
 Process: 388 csrss.exe 2020-11-23 15:42:41 UTC+0000
 Process: 432 winlogon.exe 2020-11-23 15:42:41 UTC+0000
 Process: 352 dwm.exe 2020-11-23 15:43:14 UTC+0000
 Process: 324 explorer.exe 2020-11-23 15:43:14 UTC+0000
 Process: 480 taskhost.exe 2020-11-23 15:43:14 UTC+0000
 Process: 648 VBoxTray.exe 2020-11-23 15:43:15 UTC+0000
 Process: 2108 chrome.exe 2020-11-23 15:43:22 UTC+0000
 Process: 2140 chrome.exe 2020-11-23 15:43:22 UTC+0000
 Process: 2380 chrome.exe 2020-11-23 15:43:23 UTC+0000
 Process: 2448 chrome.exe 2020-11-23 15:43:23 UTC+0000
 Process: 2844 chrome.exe 2020-11-23 15:43:25 UTC+0000
 Process: 3092 chrome.exe 2020-11-23 15:43:30 UTC+0000
 Process: 3456 chrome.exe 2020-11-23 15:43:42 UTC+0000
 Process: 3504 chrome.exe 2020-11-23 15:43:42 UTC+0000
 Process: 3652 iexplore.exe 2020-11-23 15:43:46 UTC+0000
 Process: 3732 iexplore.exe 2020-11-23 15:43:46 UTC+0000
 Process: 3992 SearchProtocol 2020-11-23 15:43:56 UTC+0000
```

Figura 4.23: sessions

Como ven comentabamos antes, as *Windows Stations* actuan como límites de seguridade para procesos e escritorios. Dende un pusto de vista forense, analizando estas estacións podemos detectar aplicacións que realizan **snooping** ao portapapeis ou tamén podemos determinar o uso do portapapeis como a súa frecuencia de uso, a disponibilidade de formatos....

Grazas ao comando **wndscan** podemos analizar a frecuencia de uso do *clipboard* (ferramenta a cal nos permite almacenar temporalmente información de calqueira tipo).
Na seguinte imaxen podemos ver como a *window station*, **WinSta0**, para a sesión 1 o usuario copiou 4 elementos ao portapaeis empregando os formatos descritos na casilla *Formats*.



Figura 4.24: wndscan

Por outra banda, moitos *malwares* intentan mirar as operacións do portapapeis para intentar roubar por exemplo credenciais. Hai duas formas de acceder a estes datos. Mediante a API *setClipboardData* (empregase a hora de copiar un elemento ao *clipboard*) ou mediante a función *GetClipboardData* que é o contrario que a anterior, as aplicacións chaman a esta en resposta a operacións de pegado.

Microsoft sen embargo recomenda acceder aos datos tan pronto como se copian ao portapapeles mediante un visor de portapapeis chamado *SetClipboarViewer* ou un listener de formato chamado *AddClipboarFortmatListener*. Estas funcións permiten que as aplicacións reciban notificacións a través de mensaxes *WM_DRAWCLIPBOARD* sempre que cambie o contido do portapapeis e logo elas xa poden abrilo e consultar os datos cando elas decidan.

Podemos entón saber que aplicacións teñen acceso ao clipboard coñecendo aquelas que empregan o API para acceder a este (*CLIPBRDWNDCLASS*), esto podémolo coñecer co plugin **wintree** que o explicaremos máis adiante.



Figura 4.25: wintree - clipboard

Pasamos agora aos escritorios (**Desktops**). Un escritorio é un contedor para ventás de aplicacións e obxetos da interfaz de usuario. O *Malware* pode empregar estos **Desktops** para por exemplo lanzar aplicacións en escritorios alternativos, polo que o usuario non é capaz de velas, ou que o *ransomware* bloquea aos usuarios do seu propio escritorio e ata que se pague unha determinada tarifa non é capaz de volver.

Para ver os escritorios activos e a información acerca destes podemos empregar o plugin **deskscan**. Este plugin busca estacións ventá de **Windows** e logo recorre a lista de escritorios *rpdeskList*. O resultado é o seguinte:

```
ssi@ssi-VirtualBox:~/volatility-2.6/volatility-master$ python vol.py -f SSI-PC-20201124-113001.raw --profile=Win7SP1x86 deskscan
Volatility Foundation Volatility Framework 2.6
**************************************************
Desktop: 0xdddbe048, Name: msswindowstation\mssrestricteddesk, Next: 0x0
SessionId: 0, DesktopInfo: 0xfe600578, fsHooks: 0
spwnd: 0xfe600618, Windows: 14
Heap: 0xfe600000, Size: 0x80000, Base: 0xfe600000, Limit: 0xfe680000
**************************************************
Desktop: 0xdde086c8, Name: WinSta0\Default, Next: 0x86e28170
SessionId: 0, DesktopInfo: 0xfea00578, fsHooks: 32
spwnd: 0xfea00618, Windows: 14
Heap: 0xfea00000, Size: 0xc00000, Base: 0xfea00000, Limit: 0xff600000
 1324 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 1996 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 1976 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 1952 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 1336 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 1316 (spoolsv.exe 1312 parent 488)
 472 (csrss.exe 332 parent 316)
 464 (csrss.exe 332 parent 316)
 388 (wininit.exe 384 parent 316)
**********************************************
Desktop: 0xdde28170, Name: WinSta0\Disconnect, Next: 0x86e29f78
SessionId: 0, DesktopInfo: 0xff660578, fsHooks: 0
spwnd: 0xff660618, Windows: 1
Heap: 0xff660000, Size: 0x10000, Base: 0xff660000, Limit: 0xff670000
**********************************************
Desktop: 0xdde29f78, Name: WinSta0\Winlogon, Next: 0x0
SessionId: 0, DesktopInfo: 0xff640578, fsHooks: 0
spwnd: 0xff640618, Windows: 2
Heap: 0xff640000, Size: 0x20000, Base: 0xff640000, Limit: 0xff660000
**********************************************
Desktop: 0xdde3fd98, Name: Service-0x0-3e7$\Default, Next: 0x0
SessionId: 0, DesktopInfo: 0xff670578, fsHooks: 0
spwnd: 0xff670618, Windows: 4
Heap: 0xff670000, Size: 0x80000, Base: 0xff670000, Limit: 0xff6f0000
 3288 (svchost.exe 936 parent 488)
 2780 (SearchIndexer. 2508 parent 488)
 1520 (svchost.exe 892 parent 488)
 2572 (SearchIndexer. 2508 parent 488)
```

Figura 4.26: deskscan

Nesta saída vemos varios tipos de ecritorio, os máis importantes son, **Winlogon** que representa o login de inicio de sesión, que introducimos ao iniciar sesión en **Windows**. Se o usuario e contrasinal son correctos pásase ao escritorio **Default**. Os únicos subprocesos neste escritorio pertencen a *winlogon.exe* polo que se se apreciasen outros procesos poderíanos indicar que se nos está a intentar a roubar as credenciais de inicio de sesión. O outro é o escritorio **Default** que ten como característica fundamental que a cantidade de ventás neste escritorio é moito maior que nas demais.

As **Windows** como ben deciamos antes son contedores para botóns, barras de desprazamento, áreas de texto/edición. Desempeñan un papel tan importante na interfaz do usuario que non sorprende que o *malware* encontrase numerosas formas de explotar estas ventás.

Alguns dos usos destas ventás son por exemplo empregalas para detectar ferramentas de seguridade/monitoreo, deshabilitar antivirus, monitorear USB, simular interaccións do usuario como clicks do ratón ou pulsación de teclas....

Co plugin **wintree** podemos ver as relacións que existen entre as ventás pais e fillos nun escritorio.



Figura 4.27: wintree

Outro plugin importante é **screenshot** que enumera as pantallas para cada escritorio. Toma as coordenadas de cada ventana e debuxa os rectángulos con *Python Imaging Library* (PIL). Polo tanto para empregar este plugin temos que instalar esta librería mediante o comando # **pip install pil**. Unha vez feito isto podemos executar o seguinte.



Figura 4.28: screenshot

É decir no directorio *shots* imos xerar unhas capturas de como sería a disposición das ventás nos diferentes escritorios. Nas seguintes imaxes podemos comparar como se ve o noso escritorio no momento do volcado de memoria e a continuación a representación obtida polo plugin **screenshot**.



Figura 4.29: Disposición ventanas Windows



Figura 4.30: Representacion - screenshot

Podemos extraer tamén a información do *Clipboard*. Podemos extraer o contido dos datos do portapapeis da *RAM*, que en algúns casos pode conter información confidencial como contrasinais, nomes de usuario e demais información.

```
ssi@ssi-VirtualBox:~/volatility-2.6/volatility-master$ python vol.py -f SSI-PC-20201124-113001.raw --profile=Win7SP1x86 clipboa
